



## Teaching Guide

| Identifying Data           |  |               |  |                | 2024/25 |
|----------------------------|--|---------------|--|----------------|---------|
| <b>Subject (*)</b>         | Education, Society and Education Policy  |               | <b>Code</b>                                      | 652611005      |         |
| <b>Study programme</b>     | 8 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Artes Plásticas e Visuais   |               |  |                |         |
| Descriptors                |  |               |  |                |         |
| <b>Cycle</b>               | <b>Period</b>  | <b>Year</b>   | <b>Type</b>                                      | <b>Credits</b> |         |
| Official Master's Degree   | 1st four-month period  | First         | Obligatory                                       | 4              |         |
| <b>Language</b>            | SpanishGalician  |               |  |                |         |
| <b>Teaching method</b>     | Face-to-face   |               |  |                |         |
| <b>Prerequisites</b>       |  |               |  |                |         |
| <b>Department</b>          | Pedagogía e Didáctica  |               |  |                |         |
| <b>Coordinador</b>         | Iglesias Salvado, Jose Luis  | <b>E-mail</b> | jose.luis.iglesias@udc.es                        |                |         |
| <b>Lecturers</b>           | Iglesias Salvado, Jose Luis<br>Rouco Ferreiro, Javier Francisco  | <b>E-mail</b> | jose.luis.iglesias@udc.es<br>javier.rouco@udc.es |                |         |
| <b>Web</b>                 |  |               |  |                |         |
| <b>General description</b> | A materia de Educación, Sociedade e Política Educativa propónse en primeira instancia informar ao alumnado das innumerables influencias que o sistema educativo recibe dada a súa innegable transcendencia nos procesos de socialización. Ao mesmo tempo pretende establecer e clarificar, con carácter informativo, cales son os criterios socio-educativos que inciden de maneira real no desenvolvemento da súa futura función como profesores de Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Trátase en definitiva de que o alumnado teña unha visión crítica, fundamentada e construtiva da nosa sociedade e dos diferentes aspectos político-sociais que inciden de maneira explícita ou implícita na Educación, e como consecuencia no seu traballo como docentes |               |  |                |         |

## Study programme competences / results

| Code | Study programme competences / results   |
|------|---|
| A1   | (CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións   |
| A5   | (CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas   |
| A6   | (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país   |
| A8   | (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá   |
| A10  | (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| A11  | (CE-G11)Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.  |
| A14  | (CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.  |
| C3   | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.   |
| C4   | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.  |
| C6   | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.   |
| C7   | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |
| C8   | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.   |

## Learning outcomes

| Learning outcomes | Study programme competences / results |
|-------------------|---------------------------------------|
|                   |                                       |



|  |                      |     |
|--|----------------------|-----|
| Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.  | AJ1                  | CC3 |
| Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.  | AJ5                  | CC4 |
| Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.   | AJ6                  | CC6 |
| Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade,  | AJ8                  | CC7 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. | AJ10<br>AJ11<br>AJ14 | CC8 |
| Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.   |                      |     |
| Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.   |                      |     |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.   |                      |     |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |                      |     |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |                      |     |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |                      |     |

| Contents   |  |
|--|--|
| Topic  | Sub-topic  |
| 1.- Procesos, teorías, axentes e institucións educativas.      | 1.1.- Un paradigma en construción: entre a necesidade e a realidade.<br>1.2.- As función sociais da educación<br>1.3.-A profesión docente e a comunidade.<br>1.4.- Dimensións da práctica docente<br>1.5.- Do persoal e o profesional cara ó social e cultural |
| 2.- A evolución do sistema educativo e a educación secundaria. | 2.1 Proxección e realidades da educación secundaria.<br>2.2 Posibilidades e debilidades  |
| 3.- Política e lexislación educativa en España e Galicia       | 3.1 Da Lei Moyano á II República española<br>3.2 Franquismo e reformas educativas<br>3.3 As reformas educativas no periodo democrático.<br>3.4 O futuro e as súas incógnitas: un pacto educativo?  |
| 4.- A educación en valores no sistema educativo                | 4.1 Problemas e posibilidades<br>4.2 a educación para o desenvolvemento: aproximación a unha realidade emerxente   |
| 5.- Inclusión educativa e atención á diversidade.              | 5.1.- Problemática e necesidade da inclusión educativa.<br>5.2.- A atención á diversidade: un dilema en constante evolución  |

| Planning                       |                        |                                      |                               |             |
|--------------------------------|------------------------|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests          | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Document analysis              | A1 A5 A6 A10 C6 C8     | 4                                    | 32                            | 36          |
| Workbook                       | A1 A5 A6 A10 C7 C8     | 2                                    | 20                            | 22          |
| Long answer / essay questions  | A5 A6 A10 A11 C6<br>C8 | 1                                    | 0                             | 1           |
| Critical bibliographical       | A5 A6 A14 C6 C8        | 3                                    | 15                            | 18          |
| Guest lecture / keynote speech | A6 A10 C7 C8           | 14                                   | 0                             | 14          |



|   |                                |   |   |   |
|---|--------------------------------|---|---|---|
| Supervised projects   | A1 A5 A6 A8 A10 C3<br>C4 C7 C8 | 2 | 0 | 2 |
| Oral presentation   | A1 A6 A10 A14 C4<br>C6 C7 C8   | 2 | 4 | 6 |
| Personalized attention  |                                | 1 | 0 | 1 |
| (*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students. |                                |   |   |   |

| Methodologies                  |   |
|--------------------------------|---|
| Methodologies                  | Description   |
| Document analysis              | Supón a utilización de distintos tipos de documentos e fontes relevantes para o estudo da materia que permitan proceder a realizar unha análise e unha posterior utilización na explicación dos procesos educativos e do tratamento dos distintos procesos sociais que arredor dela se desenvolven  |
| Workbook                       | Propóñense unha serie de lecturas obrigatorias dun conxunto de textos xunto con unha documentación que o alumnado tera que ler en todos os casos, para proceder logo a recensionar aqueles que oportunamente se lles indicará   |
| Long answer / essay questions  | Pretende determinar os logros do alumnado en termos obxectivos para avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión, a organización e comprensión de ideas relativas aos contidos da materia  |
| Critical bibliographical       | Proceso científico de lectura e anáise crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende ademais da lectura da obra en cuestión, a análise de seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza. No seu momento facilitaranse unhas pautas que permitirán a súa realización. |
| Guest lecture / keynote speech | Faráse unha exposición oral dos temas da guía coa introducción dalgunhas preguntas aos estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.  |
| Supervised projects            | Referidos expresamente a elaboración dun traballo de iniciación na investigación educativa. O alumnado responsabilízase do traballo e a súa posterior redacción seguindo unhas pautas que se lles irán indicando a través dun seguimento preciso e pautado. Estes traballos poden realizarse en pequeno grupo constituído por un máximo de seis membros.            |
| Oral presentation              | Exposición de traballos realizados diante do grupo de referencia, procurando presentar, analizar e tirar conclusións sobre o problema investigado, o documento ou a experiencia abordada  |

| Personalized attention  |  |
|---|--|
| Methodologies   | Description  |
| Oral presentation<br>Document analysis<br>Critical bibliographical<br>Supervised projects | Tanto a análise de documentos como os traballos tutelados, así como as recensións bibliográficas e mesmo as presentacións orais serán obxecto dun especial tratamento. A atención personalizada será o eixe e fundamento sobre o que se artellarán as distintas metodoloxías. Todo elo coa finalidade de facer un seguimento preciso do alumnado e das súas actividades de aprendizaxe. Neste senso convén ter presente o que sobre a avaliación e a asistencia queda reflectido no apartado 7 desta guía. De maneira especial todo o que ten que ver coa realización da proba de ensaio e a avaliación. |

| Assessment               |                              |   |               |
|--------------------------|------------------------------|---|---------------|
| Methodologies            | Competencies / Results       | Description   | Qualification |
| Oral presentation        | A1 A6 A10 A14 C4<br>C6 C7 C8 | Exposición de traballos, individuais ou colectivos, diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.    | 10            |
| Document analysis        | A1 A5 A6 A10 C6 C8           | Baséase na utilización de documentos e fontes relevantes para a súa análise e posterior utilización para explicar a natureza dos distintos contidos e aspectos da materia.              | 10            |
| Critical bibliographical | A5 A6 A14 C6 C8              | Comprende, ademais da lectura dunha obra, a análise do seu contido, unha crítica e posterior valoración da mesma. No seu momento achegarase unha guía para facilitar a súa realización. | 20            |



|                               |                                |   |    |
|-------------------------------|--------------------------------|---|----|
| Supervised projects           | A1 A5 A6 A8 A10 C3<br>C4 C7 C8 | Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo. | 30 |
| Long answer / essay questions | A5 A6 A10 A11 C6<br>C8         | Pretende determinar os logros dos estudantes en termos obxectivos e avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia     | 30 |

### Assessment comments

A asistencia ás clases é obrigatoria. O límite de asistencia mínimo é do 80%. Calquera circunstancia persoal que poida alteirar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao profesor para a súa oportuna consideración. O alumnado que exceda a porcentaxe de faltas non será avaliado e figurará na acta final como non presentado. As faltas de asistencia puntuais non precisan ser xustificadas mentres non excedan o 20% do total. Os traballos individuais, entre os que se considera a proba de ensaio terán un valor do 60% na nota final (3 e 3). Os traballos realizados en grupo un 40% (4 puntos). Para aprobar a materia é necesario ter superados positivamente (aprobados) os dous apartados: individual e de grupo. A proba de ensaio consistirá nunha pregunta aberta. Para a súa realización cada alumna ou alumno poderá empregar o material que considere máis oportuno. O valor deste exercicio sera de 3 puntos, é dicir, un 30% da nota final. O tempo de duración da proba de ensaio será dunha hora en calquera das convocatorias. A outra proba individual será unha recensión cuxo valor será de 3 puntos. Tal e como se establece nos puntos 7.2 e 7.3 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario da UDC, as probas teñen carácter obrigatorio polo que á súa non realización impide a superación da materia. Para a segunda oportunidade de xullo e a convocatoria adiantada os criterios de avaliación serán os mesmos que se explicitan para a primeira, manténdose como condicións a obrigatoriedade e a presencialidade. Na 2ª oportunidade o mesmo que na convocatoria adiantada o alumnado só se examinará das partes non superadas con anterioridade, manténdose o valor de cada unha das probas: 3 puntos para cada unha das probas individuais e 4 puntos para o traballo de grupo. En calquera caso e de maneira xeral, todos os aspectos relacionados coa dispensa académica, a dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

### Sources of information



|              |   |
|--------------|---|
| <p>Basic</p> | <p>Doc 1. ESTEVE, J.M (1998) La aventura de ser maestro. En Cuadernos de Pedagogía, nº 266, febrero, pp 46-50, <a href="https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=378">https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=378</a>Doc 2. PÉREZ, A.I. (2002). Las finalidades de la educación. En J. Torreblanca (coord.), Los fines de la educación. Una reflexión desde la izquierda. Madrid: Biblioteca Nueva, pp. 25-39.Doc 3. CARBONELL, J. (1996). Funciones sociales de la escuela. En La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona: Euma-Octaedro, pp. 33-51.Doc 4. CARBONELL, J. (1996). Las reformas educativas. En La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona: Euma-Octaedro, pp. 221-249. Doc 5. TORRES SANTOMÉ, J. (2006). Los intentos de destrucción de la enseñanza pública. En La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata, pp. 26-31. Doc 6. TIANA FERRER, A. (2009). ¿Puede ser el informe PISA un referente válido para valorar la equidad y la calidad de la educación en España?. En M.A. Santos (ed.), Políticas educativas y compromiso social. El progreso de la equidad y la calidad. Barcelona: Octaedro, pp. 41-58.Doc 7. SOTELO, I. (1995). Educación y democracia. En Volver a pensar la educación, Vol.I. Madrid: Morata, pp.34-59.Doc 8. APPLE, M. e BEANE, J.A. (1999). La defensa de las escuelas democráticas. En Escuelas democráticas. Madrid: Morata-Paideia, pp. 13-47. Doc 9. LERENA, C. (1987). ¿Universidad, formación y empleo?. En Educación y sociología en España. Selección de textos. Madrid: Akal Universitaria, pp 163-193.Doc 10.FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (2001). Las transformaciones de la profesión. En Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata, pp.106-127.Doc 11.CARBONELL, J. (2006). El profesorado: el malestar y otros tópicos de una profesión cambiante. En La educación y su representación en los medios. Madrid: Morata, pp. 87-95.Doc 12.DELVAL, J. (2002). La integración de la escuela en la comunidad. En La escuela posible. Barcelona: Ariel, pp. 141-155.Doc 13.CARBONELL, J. (2008). ¿Qué profesorado para el siglo XXI? Conocimiento, compromiso y cooperación. En Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro, pp. 109-123.Doc 14.FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (1997). Las rutinas de la vida escolar. En Sociología de las instituciones de educación secundaria. Barcelona: Horsori, pp. 133-149.Doc 15.MARTÍNEZ, M., TEY, A. (2007) El profesorado: profesión y compromiso ético. En Profesorado y otros profesionales de la educación.Barcelona:Octaedro, pp. 37-76Doc 16.BARTOLOMÉ, M. e outros (2007). Educación para una ciudadanía crítica e intercultural. En Construcción de una ciudadanía intercultural y responsable. Guía para el profesorado de Secundaria. Madrid: Narcea-Mec, pp. 17-36.Doc 17.BOLÍVAR, A. (2004). La educación secundaria en España. En busca de una inestable identidad. Revista Electrónica Iberoamericana sobre Calidad, Eficacia y Cambio en Educación, vol.2, nº1, <a href="http://www.ice.deusto.es/rinace/rieces/vol2n1/Bolivar.pdf">http://www.ice.deusto.es/rinace/rieces/vol2n1/Bolivar.pdf</a>Doc 18. GIMÉNEZ URRACO, E.,MARHUENDA FLUIXÁ, F. (2012)Fracaso, absentismo y abandono escolar: reconocer los límites del sistema para corregir y ofrecer alternativas que garanticen el derecho a la educación. En Temas educativos en el punto de mira. Madrid:Wolters Kluwer España/Educación, pp.187-219Doc 19. RODRÍGUEZ ROMERO, M.; MÉNDEZ GARCÍA, R.; IGLESIAS SALVADO, J.L. (2012)El profesorado de Educación Secundaria y los retos del presente: difuminando fronteras y participando en el mundo. En Temas educativos en el punto de mira. Madrid: Wolters Kluwer España/Educación, pp.301-333Doc 20. ECO, U (2007)¿De qué sirve el profesor?. En La Nación, 21/05/2007, <a href="https://es.scribd.com/doc/239637008/De-que-sirve-el-profesor-LA-NACION#fullscreen">https://es.scribd.com/doc/239637008/De-que-sirve-el-profesor-LA-NACION#fullscreen</a>Doc 21. MARINA, J.A.; PELLICER, C.; MANSO, J. (2015) Libro blanco de la función docente y su entorno escolar, <a href="http://www.mecd.gob.es/mecd/dms/mecd/destacados/libro-blanco/libro-blanco-profesion-docente.pdf">http://www.mecd.gob.es/mecd/dms/mecd/destacados/libro-blanco/libro-blanco-profesion-docente.pdf</a>Doc 22. CARBONELL, J. (2015) 10 interrogantes sobre el libros blanco de la función docente de José Antonio Marina. En <a href="http://www.eldiario.es/catalunya/educacion/interrogantes-proposito-blanco-profesion-docente_0_460904488.html">http://www.eldiario.es/catalunya/educacion/interrogantes-proposito-blanco-profesion-docente_0_460904488.html</a>Doc 23. ORDINE, N (2013) La Universidad-empresa y los estudiantes-clientes. En La utilidad de lo inútil.Manifiesto.Barcelona, Acantilado.</p> |
|--------------|---|



|                      |  |
|----------------------|--|
| <b>Complementary</b> | <p>ALMEIDA, J. (1995): Sociología de la educación. Notas para un curso. Barcelona, Ariel. APPLE, M. W. (1996): Política cultural y educación. Madrid, Dykinson. BELTRAN, F. (1991): Política y reformas curriculares. Valencia, Universitat de Valencia. BENNER, D. (1998): Pedagogía como ciencia. Teoría reflexiva de la acción y reforma de la praxis. Barcelona, Pomares-Corredor. CARBONELL, J. (1996): La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona, Octaedro. CARR, W. (1995): Una teoría para la educación. Hacia una investigación educativa crítica. Madrid, Morata. CARREÑO, M.; COLMENAR, C.; EGIDO, I. e SANZ, F. (2000): Teorías e instituciones contemporáneas de educación. Madrid, Síntesis. CASTILLEJO, J. L.; CERVERA, A. e outros (1983): Teoría de la Educación I. El problema de la educación. Barcelona, Taurus. CASTILLEJO, J. L.; VAZQUEZ, G.; COLOM, A. J. e SARRAMONA, J. (1993): Teoría de la educación. Barcelona, Taurus. CENTRO DE INVESTIGACION, DOCUMENTACION Y EVALUACION (1992): El sistema educativo español. Madrid, Centro de Publicaciones del MEC-CIDE. COLOM, A. J. (coord.) (1997): Teorías e instituciones contemporáneas de la educación. Barcelona, Ariel. DELORS, J. (dir.) (1996): La educación encierra un tesoro. Madrid, Santillana. DELVAL, J. (1996): Los fines de la educación. Madrid, Siglo XXI. DEWEY, J. (1995): Democracia y educación. Madrid, Morata. ESCOLANO BENITO, A. (2002): La educación en la España contemporánea. Madrid, Biblioteca Nueva. ESTEVE, J. M. (1994): El malestar docente. Barcelona, Paidós. FERNANDEZ ENGUIA, M. (1996): La escuela a examen. Madrid, Pirámide. FERNANDEZ SORIA, J. M. (2002): Educación y Estado en la España contemporánea. Madrid, Síntesis. FERRAZ LORENZO, M. (2005): Repensar la historia de la educación. Nuevos desafíos, nuevas propuestas. Madrid, Biblioteca Nueva. FERRERO, J. J. (1994): Teoría de la educación: Lecciones y lecturas. Bilbao, Univ. de Deusto. FILHO, L. (1964): Introducción al estudio de la Escuela Nueva. Buenos Aires, Kapelusz. GARCIA ARETIO, L. (1989): La Educación. Teorías y conceptos. Perspectiva integradora. Madrid, Paraninfo. GARCIA CARRASCO, J. e GARCIA DEL DUJO, A. (1996): Teoría de la educación. Salamanca, Univ. de Salamanca. GARCIA GARRIDO, J. L. (1993): Sistemas educativos de hoy. Madrid, Dykinson. GARCÍA INDA, A. (2018): Educar para el asombro. Bilbao, Ediciones Mensajero. GIMENO SACRISTÁN, J. (2003): El alumno como invención. Madrid, Morata. GIMENO SACRISTÁN, J. e CARBONELL SEBARROJA, J. (Coords): El sistema educativo .Una mirada crítica. Barcelona, CISS-Praxis. GOMEZ RODRIGUEZ DE CASTRO, F. e outros (1988): Génesis de los sistemas educativos nacionales. Madrid, UNED. HALLIDAY, J. (1995): Educación, gerencialismo y mercado. Madrid, Morata. HARGREAVES, A. (1996): Profesorado, cultura y posmodernidad. Madrid, Morata. IMBERNON, F. (coord.) (1999): La educación en el siglo XXI. Los retos del futuro inmediato. Barcelona, Graó. MANZANARES, A. (coord.) (2012): Temas educativos en el punto de mira. Madrid, Wolters Kluwer/Educación. MEDINA, R.; RODRIGUEZ, T.; GARCIA, L. (1992): Teoría de la educación. Madrid, UNED. MOORE, T. W. (1987): Introducción a la teoría de la educación. Madrid, Alianza. ORDINE, Nuccio. (2013): La utilidad de lo inútil. Barcelona, Acantilado. PALACIOS, J. (1979): La cuestión escolar. Barcelona, Laia. POPKEWITZ, Th. S. (1994): Sociología política de las reformas educativas. Madrid, Morata. PUELLES BENITEZ, M. de (1980): Educación e ideología en la España contemporánea (1767-1975). Barcelona, Labor. RUIZ BERRIO, J. (dir.) (1997): La educación en tiempos modernos. Textos y documentos. Madrid, Ed. Actas. SARRAMONA, J. (2000): Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica. Barcelona, Ariel. SAVATER, F. (1997): El valor de educar. Barcelona, Ariel. SWAAN, A. de (1992): A cargo del Estado. Barcelona, Pomares-Corredor. TORRES SANTOMÉ, J (2107): Políticas educativas y construcción de personalidades neoliberales y neocolonialistas. Madrid, Morata. TIANA FERRER, A.; OSSENBACH SAUTER, G; SANZ FERNANDEZ, F. (coord.) (2002): Historia de la educación (Edad Contemporánea). Madrid, UNED. TRILLA, J. (1993): La educación fuera de la escuela. Barcelona, Ariel. VIÑAO FRAGO, A. (1982): Política y educación en los orígenes de la España contemporánea. Madrid, Siglo XXI. VIÑAO FRAGO, A (2004): Escuela para todos Educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid. Marcial Pons VV.AA. (2003): La participación de los padres y madres en la escuela. Barcelona, Graó. VV.AA. (1995): Volver a pensar la educación. Madrid, Morata-Paideia. VV.AA. (2000): Pedagogías del siglo XX. Barcelona, CISS-Praxis.</p> |
|----------------------|--|

### Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus



## Other comments

-Non se admitirán traballos que o profesor ou profesora non teña pactado previamente co alumno/a ou non teña constancia da súa realización.-As datas de entrega dos traballos son inamovibles, agás casos excepcionais.-Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a figurará como NON PRESENTADO/A.-Os traballos escritos presentaránse a dobre cara, sen grapas e ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora, e sempre que conteñan referencias bibliográficas é imprescindible seguir as normas da APA que se poden encontrar aloxadas, entre outras, na seguinte dirección web: <http://www.capitaleemocional.com/apa.htm>-Non se recollerán traballos encadernados, con fundas de plástico, anillas ou deseños similares. É aconsellable facer copia do orixinal que se entregue e enviar por email unha copia ao profesor da materia.-Débese facer un uso sostible dos recursos así como da prevención de impactos negativos sobre o medio natural. -Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, incorporárase a perspectiva feminista nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizaranse referencias bibliográficas de ambos sexos -citación xusta-, propiciárase a intervención na aula de alumnas e alumnos...)-Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e tentárase influir na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporárase accións e medidas para corrixilas.-Facilitárase a plena integración do alumnado por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, que experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade de proposta de mellora sexa comunicada.-A proba de ensaio realizarase seguindo o calendario oficial. Aínda que se facilitará a súa realización do modo que se explicitará no seu momento na clase-O horario de titorías está exposto na web da Facultade e na porta do despacho P0B5.- &nbsp;Titorías: no caso de non ter docencia Martes (16-19 h.) no despacho P0B5 (Telf. 981.167100, Ext. 4664).

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.